



Concello do Porriño

BASES DOS PREMIOS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E VECIÑAIS DO PORRIÑO PARTICIPANTES EN PORRIGALIA 2022

A Concellería de Festexos e Cultura do Concello do Porriño convoca os desfiles tradicionais da festa Porrigalia 2022.

As presentes bases rexerán a concesión de premios ás asociacións culturais e veciñais e a AECC Asociación Española contra el Cancer, por participación nos desfiles programados polo Concello do Porriño os días venres 1 e sábado 2 de xullo do 2022.

REQUISITOS XERAIS:

a) Participantes

Poderán optar aos premios todas aquelas asociacións dos centros culturais e veciñais e a AECC Asociación Española contra el Cancer do Porriño integradas por un mínimo de 8 compoñentes.

b) Inscripcións e prazo

As inscricións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Porriño no impreso normalizado para esta finalidade, e achegarán a seguinte documentación de carácter obrigatorio:

- Fotocopia do CIF da asociación.
- Declaración responsable asinada pola presidente/a de dita asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á seguridade social.
- Certificado orixinal da conta bancaria da asociación.

CONTINXENCIAS

Aquelas asociacións que teñan dificultade coa presentación da tarxeta CIF ou documento de exención do IVE, terán que presentar o documento onde se reflexe que esas solicitudes están en trámite, e que se achegarán unha vez as teñan no seu poder.

PRAZOS

As Asociacións participantes poderán inscribirse dende o 10 de xuño ata o 17 de xuño de 2022 ambos incluídos. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas, calquera que sexa a causa.

c) Importe dos premios

A cantidade máxima destinada a premios de participación en Porrigalia 2022 establécese en 3.300,00 € con cargo á partida orzamentaria 334.4800010 do vixente orzamento municipal.

O importe dos premios determinarase segundo o número mínimo de compoñentes da asociación:

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9QTJZYPWTQBRXA.SAX6DCF54L | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Porriño

De mínimo 8 compoñentes 300,00 €

O importe máximo establecido de 3.300,00 euros repartirase ata acadar esta cifra e seguindo rigorosamente a orde de inscrición. Aquelas asociacións que desexen participar en Porrigalia 2022 fóra deste orzamento, poderán inscribirse pero sen opción ao premio por participación.

d) Orde de participación

O desenvolvemento do desfile será por orde de inscrición .

Cada Asociación deberá levar un cartel que indicará o seu nome, o lugar que ocupa no desfile e o número de compoñentes así como o pais olímpico elixido: Galos ,Exipcios, Gregos Romanos ou Castrexos.

É importante que un representante de cada asociación participe durante o acendido da chama olímpica, xunto a garda pretoriana, a porriñesa Ana Pérez como locutora deportiva da TVG, o Rei Breogan que representará ao concello do Porriño, así como todos os concelleiros. Tamén é importante a presenza dos anteriores o remate do desfile do sábado 2 ás 12h diante do Concello para ser recibidos na sala de Senadores (actual salón de plenos) estando presente Panoramix como o Rei das Queimadas ou pócima máxica.

f) Percorrido no desfile

Os desfiles terá lugar na data e horario sinalado no programa de festas de Porrigalia 2022.

- Venres dia 1 de xullo ás 18h . Partirán polas rúas asignadas sendo a saída dende o Templo da Rede San Luis (sito no Parque Infantil) e sábado dia 2 de xullo ás 12h dende os mesmos lugares sinalados anteriormente.

- Está totalmente prohibido o uso de animais, sprays ou petardos.

As asociacións desfilarán dende punto de partida templete rede San Luis no parque infantil, polos Barrios, San Sebastián, San Bieito e seguindo por Ramón González ata a praza A. Antonio Palacios de novo, onde se procederá á lectura de benvida por parte do rei Castrexo Breogán.

g) Valoración de premios

A participación supón a plena aceptación do disposto nas presentes bases e o incumprimento de calquera das cláusulas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.

No control das/dos compoñentes de cada unha das asociacións haberá un comité de observación formado por tres persoas, asignadas pola Concellería de Festexos.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9QTJZYPVITQBQBXASAX6DCF54L | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Porriño
h) Publicidade

As presentes bases serán publicadas a través do taboleiro de anuncios municipal, na web do Concello do Porriño e no Bop.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9QTJTZYPTQ8RXASAX6DCF54L | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3